

**C O N C E L L O**

D E

**FORNELOS DE MONTES**

(PONTEVEDRA)

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS “REHABILITACIÓN DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DEDICADAS A PISCINAS”, POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, TRAMITACIÓN ORDINARIA, FINANCIADO CON CARGO AO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A EXECUCIÓN DA AXENDA 2030 - PROGRAMA PON2030 (EXPTE. N° 130/2023) E AO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA 2024), DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DENTRO DA LIÑA 1 - INVESTIMENTOS (EXPTE. 173/2024).**

**PRIMEIRA.- Obxecto e cualificación.****1.1. Descrición do obxecto do contrato.**

O obxecto do contrato é a execución das obras correspondentes ao proxecto consistente na: REHABILITACIÓN DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DEDICADAS A PISCINAS, redactado polo arquitecto técnico, Miguel Ángel Pérez Marquina, por un importe de trescentos cincuenta e un mil catrocentos trinta e tres euros con cincuenta e nove céntimos (351.433,59 €) IVE incluído.

As necesidades que se pretenden cubrir son as de mellorar os peches exteriores, a substitución dos valados interiores existentes, aumentar a accesibilidade xeral, reparar as piscinas co obxecto de eliminar fugas de auga, implementar medidas de sustentabilidade ambiental e seguridade no sistema de bombeo e depuración e substituír a iluminación existente por tecnoloxía led, coa finalidade de mellorar a salubridade e a seguridade de utilización das instalacións e que resulten sostibles mellorando a súa eficiencia enerxética.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras, de acordo co artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

**1.2.- División en lotes do obxecto do contrato.** Non procede a división en lotes. A motivación desta indivisibilidade xustifícase ao amparo do artigo 99.3.b) da LCSP dado o risco para a correcta execución do contrato procedente da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, xustificada en que, coa división en lotes do obxecto do contrato, perderíase a optimización do control da execución global do mesmo así como na dificultade técnica para execución da obra se o desenvolven diferentes adxudicatarios. Así mesmo, coa non división en lotes do obxecto do contrato, cúmprense cos requisitos de procedemento e publicidade establecidos na normativa de contratación, e cos principios de igualdade e non discriminación establecidos na indicada normativa.

**1.3.- Códigos de identificación das prestacións obxecto do contrato.**

Código nomenclatura CPV:

45212212-5 Traballos de construción de piscinas





**C O N C E L L O**  
D E  
**FORNELOS DE MONTES**  
(PONTEVEDRA)

**SEGUNDA.- Procedemento de selección e adxudicación.**

A forma de adxudicación de contrato será o procedemento aberto simplificado.

A adxudicación do contrato realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación con base na mellor relación calidade-prezo, de conformidade co que se establece na cláusula décima.

**TERCEIRA.- Perfil do contratante.**

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual do Concello de Fornelos de Montes, pode consultarse polos interesados a través do perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, accesible dende: <http://fornelos.gal/es/perfil-del-contratante>

**CUARTA.- Orzamento base de licitación e valor estimado do contrato.**

O orzamento base de licitación ascende á cantidade total de trescentos cincuenta e un mil catrocentos trinta e tres euros con cincuenta e nove céntimos (351.433,59 €) que resultan da suma do importe base, que ascende a douscentos noventa mil catrocentos corenta euros con noventa e oito céntimos (290.440,98 €), máis o importe correspondente ao Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), que é de sesenta mil novecentos noventa e dous euros con sesenta e un céntimos (60.992,61 €).

Para os efectos previstos no artigo 101.1 da LCSP o valor estimado do contrato ascende a douscentos noventa mil catrocentos corenta euros con noventa e oito céntimos (290.440,98 €), IVE excluído.

**QUINTA.- Existencia de crédito.**

Faise constar a existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento para o exercicio 2024 na partida 342.632.

As obras están cofinanciadas pola Deputación Provincial de Pontevedra en virtude de:

- Subvención concedida polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra (Rexistro de entrada nº 2023-E-RC-905 de data 27 de xuño de 2023) e o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Fornelos de Montes de 15 de decembro de 2023 pola que se concede ao Concello de Fornelos de Montes unha subvención por importe de douscentos noventa e oito mil setecentos dezaoto euros con cincuenta e cinco céntimos (298.718,55 €) para o investimento consistente en "rehabilitación das instalación municipais dedicadas a piscinas" ao abeiro as bases reguladoras e convocatoria do programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 - Programa PON2030, publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023 (Expte. nº 130/2023).
- Subvención concedida por Resolución do Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra (Rexistro de entrada nº 2024-E-RC-500 de data 12 de abril de 2024) pola que se concede ao Concello de Fornelos de Montes unha subvención por importe de corenta e catro mil trescentos cincuenta e oito euros





**C O N C E L L O**  
D E  
**FORNELOS DE MONTES**  
(PONTEVEDRA)

con catro céntimos (44.358,04 €) para a achega municipal do convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra do Programa PON2030 para o investimento consistente en “rehabilitación das instalacións municipais dedicadas a piscinas” ao abeiro das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia 2024 (BOPPO n.º 2 de 3 de xaneiro de 2024) (Expte. n.º 173/2024).

**SEXTA.- Prazo de execución.**

O prazo de execución das obras estímase segundo o proxecto técnico en 6 meses, en calquera caso a actuación deberá estar executada, como data límite, a 30 de abril de 2025, dado que é o prazo máximo establecido no programa provincial en virtude ao cal se cofinancia a obra.

A acta de comprobación do reformulo e os prazos parciais que poidan fixarse ao aprobar, no seu caso, o programa de traballo, cos efectos que nesta aprobación se determinen, entenderanse integrantes do contrato, para os efectos da súa esixibilidade.

**SÉTIMA.- Prazo de garantía**

O prazo de garantía das obras será dun ano a partir da súa recepción (este prazo poderá ser maior se así se ofertou polo adxudicatario).

**OITAVA.- Acreditación aptitude para contratar.**

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursoas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Os contratistas deberán contar, asimismo, coa habilitación empresarial ou profesional esixibles para a realización das prestacións que constitúan o obxecto do contrato.

1. A capacidade de obrar dos empresarios que foren persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acta fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
2. A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.





**C O N C E L L O**  
D E  
**FORNELOS DE MONTES**  
(PONTEVEDRA)

3. Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.
4. Dita capacidade acreditarase conforme ao previsto no art. 159.4.a) da LCSP, que esixe que todos os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través deste procedemento simplificado deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECSP), ou cando cumpra de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 96 da LCSP no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrência.

A Mesa de Contratación comprobará no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, ostenta a solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso a clasificación correspondente e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.

A estes efectos, tamén se considerará admisible a proposición do licitador que acredite a presentación da solicitude de inscrición no correspondente Rexistro xunto coa documentación preceptiva para iso, sempre que tal solicitude sexa de data anterior á data final de presentación das ofertas. A acreditación desta circunstancia terá lugar mediante a achega do acuse de recibo da solicitude emitido polo correspondente Rexistro e dunha declaración responsable de achegar a documentación preceptiva e de non recibir requirimento de emenda.

5. A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acredita, a teor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, clasificación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrência ou non concorrência das prohibicións de contratar que deban constar no mesmo.
6. A solvencia do empresario:
  - 6.1 A solvencia económica e financeira do empresario: O criterio para a acreditación da solvencia económica e financeira será o volume anual de negocios do licitador ou candidato, que referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos deberá ser polo menos unha unha vez e media do valor estimado do contrato. O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.
  - 6.2 A solvencia técnica ou profesional do empresario: Acreditatase mediante a relación de obras executadas nos últimos cinco anos, que sexan do mesmo grupo ou subgrupo de clasificación que o correspondente ao contrato, ou do grupo ou subgrupo máis relevante para o contrato se este inclúe traballos correspondentes a distintos subgrupos, cuxo importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 por cento da anualidade media do contrato. A tal efecto a relación das obras executadas acreditarase mediante certificación de boa execución; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas cales se





**C O N C E L L O**  
DE  
**FORNELOS DE MONTES**  
(PONTEVEDRA)

rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo; de ser o caso, os ditos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

Non obstante, conforme o disposto no artigo 90.4 da LCSP as empresas de nova creación, entendendo por tales aquelas que teñan unha antigüidade inferior a cinco anos, a solvencia técnica acreditarase por un ou varios medios dos relacionados nas letras b) a i) de dito artigo.

6.3 As anteriores solvencias económica, financeira, técnica e profesional, poderán seren substituídos pola debida acreditación de haber obtido a clasificación para os contratos de obras no grupo C) (Edificacións), Subgrupo 6 (Pavimentos, solados e alicatados) e 9 (carpintería metálica), categoría 2), e no grupo I) (Instalacións eléctricas), Subgrupo 1 (Alumeados, iluminacións e balizamentos luminosos) e 6 (Distribucións de baixa tensión) categoría 1, mediante a achega de certificación expedida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda (ou órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia).

## **NOVENA.-Presentación das Proposicións e documentación.**

### **9.1. Condicións previas**

As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva ningunha.

Cada entidade licitadora non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

### **9.2. Lugar e prazo de presentación de ofertas**

A presente licitación ten carácter electrónico. Os licitadores deberán preparar e presentar as súas ofertas de **forma electrónica** a través da ferramenta de preparación e presentación de ofertas da Plataforma de Contratación do Sector Público.

A utilización destes servizos supón:

- A preparación e presentación de ofertas de forma telemática polo licitador.
- A custodia electrónica de ofertas polo sistema.
- A apertura e avaliación da documentación a través da plataforma.

As proposicións, xunto coa documentación preceptiva presentaranse, dentro do prazo de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante, de forma electrónica a través da Ferramenta de Preparación e Presentación de ofertas que a Plataforma de Contratación do Sector Público pon a disposición de candidatos e entidades licitadoras para tal fin.

Por este motivo, para participar nesta licitación, é importante que os licitadores interesados se rexistren, no caso de que non o estean, na Plataforma de Contratación do Sector Público.





C O N C E L L O  
D E  
**FORNELOS DE MONTES**  
(PONTEVEDRA)

A oferta electrónica e calquera outro documento que a acompañe deberán estar asinados electrónicamente por algún dos sistemas de firma admitidos polo artigo 10 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

Para garantir a confidencialidade do contido dos arquivos electrónicos que conteñan a oferta até o momento da súa apertura, a ferramenta cifrará devanditos arquivos electrónicos no envío.

Unha vez realizada a presentación, a ferramenta proporcionará á entidade licitadora un xustificante de envío, susceptible de almacenamento e impresión, co selo de tempo.

### 9.3. Información aos licitadores

Cando sexa preciso solicitar a información adicional ou complementaria a que se refire o artigo 138 da LCSP, a Administración contratante deberá facilitala, polo menos, seis días antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, sempre que a dita petición se presente cunha antelación mínima de doce días respecto daquela data. A dita solicitude efectuarase ao número de fax ou ao enderezo de correo electrónico previsto no anuncio de licitación.

### 9.4 Contido das proposicións

Os licitadores deberán presentar a proposición de acordo co artigo 159.4.d) da LCSP nun único sobre ou arquivo electrónico, ao non contemplarse no procedemento criterios cuxa adxudicación dependan dun xuízo de valor, asinado polo licitador, no que se fará constar ademais da denominación da empresa licitadora e o seu correo electrónico, a lenda "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE FORMA AUTOMÁTICA para a contratación das obras de "REHABILITACIÓN DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DEDICADAS A PISCINAS".

A documentación a incluír no sobre ou arquivo electrónico é a seguinte:

- a) **Declaración Responsable do licitador** indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

A declaración responsable presentarse conforme ao modelo incluído no **Anexo I** deste prego.

No caso de que a adscrición de medios esixida se cumpra con medios externos ao licitador, deberá presentarse unha declaración responsable polo licitador e por cada un dos medios adscritos á execución do contrato.

Se varias empresas concorren constituíndo unha unión temporal, cada unha das que a compoñen deberá acreditar a súa personalidade, capacidade e solvencia, e presentar todas e cada unha a correspondente declaración responsable.

- b) **Proposición económica**, conforme ao modelo incluído no **Anexo II** deste prego.

No suposto de que a oferta se presentara por unha unión temporal de empresarios, deberá acompañar o compromiso de constitución da unión no que indicarán: nomes e circunstancias dos que a constitúan; a participación de cada un deles así como a asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión





**C O N C E L L O**  
DE  
**FORNELOS DE MONTES**  
(PONTEVEDRA)

temporal en caso de resultar adxudicatario. O devandito documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas que comporarán a unión.

**DÉCIMA.- Criterios de adxudicación.**

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo, todos eles cuantificables automaticamente sen xuízos de valor de ningún tipo.

**A. Melloras, valorarase ata 60 puntos:**

**A.1. Mellora englobada no Capítulo 10 “instalación piscina maiores”:**

Subministración e instalación de **DOUS FILTROS LAMINADOS 1600mm 2.5 Bar CONEXIONS DE 110mm** coas seguintes características:

- Filtro para piscina pública, fabricado con estándares industriais, tanque en fibra de vidro reforzado. Resistente aos raios UV.
- Leito filtrante de 1 metro.
- Tapa superior de diámetro 400mm en fibra de vidro reforzado.
- Baleirado do medio filtrante con desaugadoiro de 3” e tapón de 1”.
- Bidas de conexión en PVC.
- Filtro con tratamento especial resistente ao ozono.
- Diámetro: 1600 mm
- Conexión 110 mm
- Velocidade filtración 30-40 - caudal 60-80 m3/h
- Presión de traballo: 0,6 -2 kg/cm<sup>2</sup>
- Presión máxima: 2,5 kg/cm<sup>2</sup>
- Presión de proba: 3,75 kg/cm<sup>2</sup>
- Temperatura traballo 1-40°C
- Boca de home lateral de 400mm de diámetro
- Mirilla con filtro industrial
- Area grossa de sílex 2-3mm
- Area fina de sílex 0,4-0,8mm
- Kit de seguridade de filtros formado por válvula de alivio de 0-4bar, ventosa dobre efecto: autopurga aire, e purga manual

Valor de mercado: 12.801,35 € (sen IVE).

As empresas que oferten esta mellora, deben facelo de forma conxunta, non sendo admisible ofertar unha soa unidade.





**C O N C E L L O**  
DE  
**FORNELOS DE MONTES**  
(PONTEVEDRA)

As empresas que oferten esta mellora acadaran unha puntuación de: **40,00 puntos**.

**A.2. Mellora englobada no Capítulo 11 “instalación piscina infantil”:**

Subministración e instalación de **FILTRO LAMINADO 750mm 2.5 Bar**, coas seguintes características:

- Filtro para piscina pública, fabricado con estándares industriais, tanque en fibra de vidro reforzado. Resistente aos raios UV con boca lateral e visor transparente
- Conexión de 2”.
- Manómetro e válvula de 6 vías e 2”.
- Leito filtrante de 1 metro.
- Versión con brazos colectores.
- Tapa superior e lateral de fácil apertura.
- Difusor abatible para facilitar a carga do medio filtrante.
- Tapa lateral para facilitar o acceso as partes interiores e a descarga do medio filtrante.
- Conxunto de desaugadoiro deseñado para facilitar a descarga de auga e area.
- Purga de aire interna para evitar a formación de burbullas de aire no interior do tanque
- Presión de traballo: 0,6 -1,6 kg/cm<sup>2</sup>
- Presión máxima: 1,6 kg/cm<sup>2</sup>
- Presión de proba: 3 kg/cm<sup>2</sup>
- Temperatura traballo 1-40°C
- Boca superior de 220mm de diámetro
- Boca lateral de 220mm de diámetro
- Desaugadoiro auga/area de 1”.
- Area grossa de silex 2-3mm
- Area fina de silex 0,4-0,8mm
- Kit de seguridade de filtro formado por válvula de alivio de 0-4bar, ventosa dobre efecto: autopurga aire, e purga manual.

Valor de mercado: 1.990,25 € (sen IVE).

As empresas que oferten esta mellora acadaran unha puntuación de: **6,00 puntos**.

**A.3. Mellora englobada no Capítulo 12 “equipamento piscinas”:**

Subministración e instalación de robot limpa fondos de piscinas **modelo Arco de Zodiac** ou similar, coas seguintes características:

- Profundidade de funcionamento: mínima 0.56 metros, máxima 5 m
- Sensor de infravermellos para detectar muros e obstáculos.







**C O N C E L L O**  
D E  
**FORNELOS DE MONTES**  
(PONTEVEDRA)

- Xiroscopio e sistema de navegación intelixente con brúxula.
- Sistema de tracción mediante mecanismo de rodamentos con dous motores
- Mando a distancia para uso manual.
- Desprazamento preprogramado.
- Transmisión por correa.
- Sensor de presión.
- Cepillos en PVA.
- Indicador de filtro completo.
- Control a distancia por Bluetooth.
- Filtro de bolsa dobre con acceso baixo o limpador.
- Número de motores: 3.
- Potencia máxima absorbida: 150 W.
- Lonxitude do cable eléctrico: 30m.
- Capacidade do filtro: 3,1 kg.
- Tamaño de entrada de succión: 40cm.
- Carro de transporte con caixa de mandos.
- Fonte de enerxía autónoma, conectada a 230V con subministro de rede antes do transformador.
- Subministro eléctrico da caixa de mandos: 110-240 VAC; 50/60Hz.
- Aplicación Bluetooth gratuíta.
- Índice de protección :IPX4 da caixa de mandos e IPX8 do Robot.

Valor de mercado (IVE no incluído): 3.288,43 € - 2.678,05 € (valor do definido no proxecto) = 610,38 €

As empresas que oferten esta mellora acadaran unha puntuación de: **4,00 puntos**.

#### **A.4. Melloras englobadas no capítulo 13 "xardinería e rega":**

Subministración e instalación de **DOUS** robots corta céspede **Work Landroid Vision M800** ou similar, coas seguintes características:

- Rede neuronal para identificar a herba a cortar e os obstáculos a evitar.
- Sen instalación de cables perimetrais.
- Tempo de reacción para evitar obstáculos: 0,05 segundos.
- Cámara gran angular Full HD con HDR e balance de brancos automático para mellorar contrastes e destellos extremos.
- Interface de usuario mediante aplicación específica.
- Pantalla incorporada de LCD.
- Conectividade por Bluetooth ou Wi-Fi.
- Base de carga e pila de carga.
- Cargador con batería de Li-Ion con capacidade de 4.0 Ah, corrente de carga 3A, tensión de alimentación 20 V.
- Número de cuchillas de corte: 3.
- Sensor de choiva.





C O N C E L L O  
D E  
**FORNELOS DE MONTES**  
(PONTEVEDRA)

- Ancho de corte: 19cm.
- Altura de corte de axuste manual entre: 30-60mm.
- Xestión multizona.
- Corte ata o borde.
- Disco de coitelas autonivelante.
- Resistencia a auga IPX5.

Equipamento: Base de carga, pila de carga, batería, cargador, 2 bandas magnéticas de 5m, 16 piquetes, 9 coitelas de reposto, 14 parafusos, chave exagonal e dúas etiquetas RFID.

Valor de mercado (IVE non incluído):  $1.486,78 \times 2UD = 2.973,56 \text{ €}$  (sen IVE).

As empresas que oferten esta mellora, deben facelo de forma conxunta, non sendo admisible ofertar unha soa unidade.

As empresas que oferten esta mellora acadaran unha puntuación de: **10,00 puntos**.

**B. Ampliación do prazo de garantía**, valorarase até 25 puntos

Os licitadores poderán ofertar a ampliación do prazo de garantía, sobre o prazo mínimo de 1 ano esixido nos presentes pregos, ata un máximo de 5 anos adicionais. Os 25 puntos deste criterio repartiranse do seguinte xeito:

- Ampliación en 1 ano adicional: 5,00 puntos
- Ampliación en 2 anos adicionais: 10,00 puntos
- Ampliación en 3 anos adicionais: 15,00 puntos
- Ampliación en 4 anos adicionais: 20,00 puntos
- Ampliación en 5 anos adicionais: 25,00 puntos

No suposto de formularse unha ampliación que supere os 5 anos adicionais, esta valorarase igualmente coa puntuación máxima (25,00 puntos), sen prexuízo de que a ampliación ofertada resulte vinculante para o contratista que a formule.

Durante o todo o prazo de garantía ofertado será obrigación do contratista a conservación e vixilancia das obras, de conformidade con previsto no artigo 167 do RGLCAP.

**C. Oferta económica, referida ao mellor prezo ofertado**, valorarase até 15 puntos. Concedéndose 0 puntos aos licitadores que igualen o tipo de licitación e en canto aos demais, 15 puntos ao licitador que oferte o menor prezo e ao resto a puntuación que se derive da aplicación da seguinte fórmula:

Puntuación da oferta do licitador =  $\frac{\text{Oferta máis baixa presentada} \times 15}{\text{Oferta licitador}}$





**C O N C E L L O**  
D E  
**FORNELOS DE MONTES**  
(PONTEVEDRA)

**DÉCIMO PRIMEIRA.- Admisibilidade de variantes.**

Non se admiten variantes.

**DÉCIMO SEGUNDA.- Ofertas anormalmente baixas.**

Cando en aplicación dos parámetros establecidos nos criterios de valoración das ofertas, algunha delas estea incurso en presunción de anormalidade, concederáse aos licitadores afectados un prazo de cinco días hábiles para que poidan presentar unha xustificación adecuada das circunstancias que lles permiten executar a dita oferta nesas condicións, cos criterios que se sinalan respecto diso no artigo 149.4 da LCSP.

O carácter anormal das ofertas formuladas polos licitadores, apreciaráse unicamente respecto ao factor prezo en función dos parámetros obxectivos establecidos no artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por R. D. 1098/2000, do 12 de outubro.

Recibidas as xustificacións, a Mesa de Contratación deberá solicitar ao asesoramente técnico do servizo correspondente, que analice detalladamente as motivacións que argumente o licitador para poder manter a súa oferta.

Á vista das xustificacións dos contratistas cuxa oferta sexa clasificada como desproporcionada e dos informes técnicos que as analice, a Mesa de Contratación, propondrá ao órgano de contratación motivadamente a admisión da oferta ou a súa exclusión.

En todo caso, rexeitaranse as ofertas se se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran o normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes de aplicación.

**DÉCIMO TERCEIRA.- Preferencias de adxudicación no caso de empate.**

De conformidade co disposto no artigo 147.2 LCSP, o empate entre varias ofertas trala aplicación dos criterios de adxudicación do contrato resolverase mediante a aplicación por orde dos seguintes criterios sociais, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación de ofertas:

- a) Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no persoal de cada unha das empresas, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade en persoal, ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión no persoal.
- b) Menor porcentaxe de contratos temporais no persoal de cada unha das empresas.
- c) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no persoal de cada unha das empresas.
- d) Sorteio, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dese lugar a desempate.





**C O N C E L L O**  
D E  
**FORNELOS DE MONTES**  
(PONTEVEDRA)

A efectos de aplicación destes criterios os licitadores deberán acreditarlos, no seu caso, mediante os correspondentes contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social e calquera outro documento admitido en dereito que acredite os criterios sociais anteriormente referidos.

A documentación acreditativa dos criterios de desempate a que se refire este apartado será achegada polos licitadores no momento no que se produza o empate, e non con carácter previo.

**DÉCIMO CUARTA.- Mesa de contratación.**

A Mesa de Contratación será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e cualificar a documentación administrativa, e actuará conforme ao previsto no artigo 326 da LCSP e no Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, desenvolvendo as funcións que nestes se establecen.

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 7 da Disposición Adicional Segunda da LCSP, estará integrada por:

- Presidente: Emiliano Lago Rodríguez, Alcalde-Presidente do Concello de Fornelos de Montes.
- Vogais:
  - Eladio Dasilva Sieiro, Operario de Servizos Varios Encargado de Instalacións do Concello de Fornelos de Montes
  - Juan José Cal González, Operario de Servizos Varios do Concello de Fornelos de Montes.
  - Jacobo Manuel Rayón Cedeira, secretario-interventor do Concello de Fornelos de Montes.
- Secretaria: Vanesa Boullosa Peralba, administrativa do Concello de Fornelos de Montes, con voz pero sen voto conforme determina o artigo 21.6 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio.

**DÉCIMO QUINTA.- Apertura de proposicións, proposta de adxudicación e requirimento de documentación.**

De acordo co previsto no artigo 159.4 da LCSP a apertura dos sobres ou arquivos electrónicos contendo a oferta avaliable mediante a aplicación de fórmulas farase pola Mesa de Contratación en acto público. Para ese efecto, a Mesa constituirase o segundo día hábil tras a finalización do prazo de presentación das proposicións, ás 09:30 horas, agás que por necesidades do servizo, débese modificar, no seu caso, a data ou a hora de tal apertura.

Tras o devandito acto público, na mesma sesión, a mesa procederá a:

1. Previa exclusión, no seu caso, das ofertas que non cumpran os requirimentos do prego, avaliar e clasificar as ofertas.
2. Realizar a proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación.
3. Comprobar, no seu caso, no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa está





**C O N C E L L O**  
D E  
**FORNELOS DE MONTES**  
(PONTEVEDRA)

debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, ostenta a solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso a clasificación correspondente e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.

De acordo co disposto no artigo 139.1 LCSP, a presentación das proposicións supón a autorización á Mesa e ao órgano de contratación para consultar os datos recollidos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou nas listaxes oficiais de operadores económicos nun Estado membro da Unión Europea

4. Requiritur á empresa que obtivo a mellor puntuación mediante comunicación electrónica para que constituía a garantía definitiva, así como, no seu caso, para que achegue o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 da LCSP e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2 da LCSP, todo iso no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación.

Cando o empresario estea inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou figure nunha base de datos nacional dun Estado membro da Unión Europea, como un expediente virtual da empresa, un sistema de almacenamento electrónico de documentos ou un sistema de precalificación, e estes sexan accesibles de modo gratuíto para os citados órganos, non estará obrigado a presentar os documentos xustificativos ou outra proba documental dos datos inscritos nos referidos lugares, sendo unicamente necesario a manifestación expresa por parte do licitador da súa inscrición no Rexistro ou base de datos correspondente.

A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público eximirá aos licitadores inscritos, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, da presentación nas convocatorias de contratación das condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e clasificación, así como da acreditación da non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar naquel.

Ademais, no prazo de 7 días hábiles, deberá presentar calquera outra documentación que non figure inscrita no Rexistro de Licitadores.

Xa que logo, naqueles casos nos que non resultase exixible a obrigaçión de figurar inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, en aplicación ao disposto na Disposición Transitoria terceira da LCSP, ou cando algún dos datos ou documentos non constasen inscritos no referido Rexistro, a mesa de contratación deberá requirir ao empresario que presente a mellor oferta, así como a todas as empresas integrantes da UTE que sexa proposta como adxudicataria, para que no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación presenten, no seu caso, a seguinte documentación:

#### **1.- Capacidade de obrar.**

1.1.- Si a empresa fose persoa xurídica, a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou acto fundacional nos que conste as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro Público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate, así como o Código de Identificación Fiscal (CIF).





**C O N C E L L O**  
D E  
**FORNELOS DE MONTES**  
(PONTEVEDRA)

1.2.- Si se trata de empresario individual, o DNI ou documento que, no seu caso, substitúalle regulamentariamente.

1.3.- A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

1.4.- Cando se trate de empresas estranxeiras non comprendidas no parágrafo anterior, informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, no que se faga constar, previa acreditación pola empresa.

1.5. Sen prexuízo da aplicación das obrigacións de España derivadas de acordos internacionais, as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán xustificar mediante informe que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación cos entes do sector público asumibles aos enumerados no artigo 3, en forma substancialmente análoga. Devandito informe será elaborado pola correspondente Oficina Económica e Comercial de España no exterior e acompañarase á documentación que se presente.

1.6.- As empresas estranxeiras presentarán a súa documentación traducida de forma oficial ao castelán.

## **2. Poderes.**

Cando a licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

## **3. Acreditación da solvencia económica e financeira, técnica ou profesional.**

Conforme aos apartados 6.1 e 6.2 da cláusula oitava do presente prego de cláusulas, ou no seu caso da clasificación substitutiva conforme ao apartado 6.3 da mesma cláusula oitava.

## **4. Obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.**

### **Obrigacións tributarias:**

- Orixinal ou copia compulsada da alta no imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, sempre que exerza actividades suxeitas a devandito imposto, en relación coas que veña realizando á data de presentación da súa proposición referida ao exercicio corrente ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non haberse dado de baixa na matrícula do citado imposto. Os suxeitos pasivos que estean exentos do imposto deberán presentar declaración responsable indicando a causa de exención. No suposto de atoparse nalgunha das





**C O N C E L L O**  
DE  
**FORNELOS DE MONTES**  
(PONTEVEDRA)

exencións establecidas no artigo 82.1 apartados b), e) e f) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberán presentar así mesmo resolución expresa da concesión da exención da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

As unións temporais de empresarios deberán acreditar, unha vez formalizada a súa constitución, a alta no imposto, sen prexuízo da tributación que corresponda ás empresas integrantes da mesma.

- Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria e Axencia Tributaria de Galicia na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Ademais, o proposto adxudicatario non deberá ter débedas de natureza tributaria en período executivo de pago co Concello de Fornelos de Montes. A Administración Local, de oficio, comprobará mediante os datos obrantes no Concello o cumprimento de devandita obrigación.

#### **Obrigacións coa Seguridade Social:**

- Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 14 do RGLCAP.

#### **DÉCIMO SEXTA.- Garantía definitiva.**

O licitador que presentase a mellor oferta deberá acreditar a constitución da garantía dun 5% do prezo final ofertado, excluído o IVE.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores, que en todo caso serán de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as que deban fornecer efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, sen prexuízo do disposto para os contratos que teñan lugar no estranxeiro.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.





**C O N C E L L O**  
D E  
**FORNELOS DE MONTES**  
(PONTEVEDRA)

Si se constitúe en metálico ingresarse o seu importe na conta corrente de ABANCA: ES59 2080 5033 1330 4000 2008 facendo constar no concepto "garantía definitiva pola adxudicación do contrato "proxecto de rehabilitación das instalacións municipais dedicadas a piscinas".

A garantía non será devolta ou cancelada até que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 110 da LCSP, e transcorrido un ano dende a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o citado artigo 110.

#### **DÉCIMO SÉTIMA.-Adxudicación do contrato.**

Presentada a documentación e, nos casos en que resulte preceptiva, previa fiscalización do compromiso do gasto pola Secretaría-Intervención, nun prazo non superior a 5 días, procederase por parte do órgano de contratación a adxudicación do contrato a favor do licitador proposto como adxudicatario, procedéndose, unha vez adxudicado o mesmo, á súa formalización.

En caso contrario, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71, e efectuarase proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación, outorgándolle o prazo de 7 días hábiles para presentar a documentación que lle sexa requirida.

A adxudicación notificarase aos licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días.

O órgano de contratación poderá declarar deserta a licitación, no seu caso, a proposta da mesa de contratación, cando non exista ningunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran no prego.

A adxudicación do contrato corresponde ao órgano de contratación que conforme á disposición adicional segunda da LCSP é o Alcalde. O órgano de contratación adxudicará o contrato ao licitador que presente a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145 LCSP.

A adxudicación do contrato deberá ser motivada, notificarase aos licitadores e publicarase no perfil do contratante.

#### **DÉCIMO OITAVA.-Formalización do contrato.**

O contrato perfeccionarase coa súa formalización.

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axustará con exactitude ás condicións da licitación e ademais poderá formalizarse en escritura pública se así o solicita o contratista, correndo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento. Neste caso, o contratista deberá entregar á Administración unha copia lexitimada e unha simple do citado documento no prazo máximo dun mes







**C O N C E L L O**  
D E  
**FORNELOS DE MONTES**  
(PONTEVEDRA)

dende á súa formalización.

A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores na forma prevista no artigo 151 LCSP.

De conformidade co establecido no artigo 153.4 LCSP cando por causas imputables ao adxudicatario non se houbese formalizado o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVA excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 LCSP.

**DÉCIMO NOVENA.-Condicións especiais de execución do contrato.**

Establécense as seguintes condicións especiais de execución do contrato, de acordo co establecido non artigo 202 da LCSP:

1.- O adxudicatario adoptará todas as medidas necesarias para garantir a seguridade e protección da saúde no traballo e o uso de medidas para previr a sinistralidade laboral.

Os efectos da xustificación polo contratista das medidas adoptadas durante a execución da obra, deberá achegar a seguinte documentación xustificativa:

- Xustificante da entrega ós traballadores dos Epis de seguridade e plan de prevención de riscos implantado.

2.- O adxudicatario cumprira coas obrigas laborais impostas no convenio colectivo de aplicación.

Os efectos da xustificación polo contratista incluírase declaración responsable do convenio sectorial de aplicación.

Estas condicións especiais de execución forman parte do contrato e serán igualmente esixidas a todos os subcontratistas que participen na súa execución.

En tal caso, o incumprimento das condicións especiais de execución dará lugar á imposición das seguintes penalidades: 1% do importe de adxudicación do contrato, IVE incluído, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, nese caso poderá alcanzar ata un 5% ou ata un máximo legal dun 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento terase en conta para valorar a gravidade.

Non obstante o incumprimento destas condicións especiais de execución considerárase incumprimento dunha obrigación esencial e en consecuencia o órgano de contratación poderá acordar a resolución do contrato e a inhabilitación da empresa para contratar.

**VIXÉSIMA.-Dereitos e obrigacións das partes.**

**20.1. Aboamentos ao contratista.**





**C O N C E L L O**  
D E  
**FORNELOS DE MONTES**  
(PONTEVEDRA)

1.- A dirección da obra realizará mensualmente a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior. O contratista pode presenciar a realización de tales medicións. A efectos do pago a Administración expedirá mensualmente, nos primeiros dez días seguintes ao mes ao que correspondan, certificacións que comprendan a obra executada conforme ao proxecto durante devandito período de tempo, que terán o concepto de pagos a conta suxeitos ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final. Estas certificacións mensuais en ningún caso superarán a aprobación e recepción das obras.

